

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E MOBILIDADE DO 22 DE SETEMBRO DE 2023

PRESIDENTA: D^a. MARIA ISABEL COUSELO TORRES

PRESID. SUPLENTE: D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME

VOGAIS:

D^a. MARTA FERNÁNDEZ-TAPIAS NÚÑEZ
D. JORGE CUBELA LÓPEZ
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS
D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA
D^a. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ
D. CARLOS LÓPEZ FONT
D. CARLOS GÓMEZ PRADO
D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO
D^a. MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR

Sendo as doce horas e dezaseis minutos do día 22 de setembro de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade.

Preside a sesión María Isabel Couso Torres e asisten as deputadas/os que se relacionan á marxe.

Actúa como secretario, por delegación do secretario xeral, Andrés Carlos Fernández Lucas, técnico de xestión do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior (08 de setembro de 2023).

A Comisión acorda por unanimidade aprobar a acta da sesión extraordinaria de 8 de setembro de 2023.

2.- Aprobación do Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Fornelos de Montes da estrada provincial E.P. 2802 Acceso a Calvos (Expediente 2021039804).

A Comisión ditamina favorablemente por unanimidade a aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao concello do vial provincial E.P. 2802 Acceso a Calvos.

3.- Aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Meis da estrada provincial E.P. 9401 Travesía de Meis – San Salvador – Enlace coa Autovía (AG-41) (Expediente 2022008818).

A Comisión ditamina favorablemente por unanimidade a aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao concello do vial provincial E.P. 9401 Travesía de Meis – San Salvador – Enlace coa Autovía (AG-41).



4.- Aprobación do cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de Pontearreas de dous treitos da estrada provincial E.P. 4006 Pontearreas – As Neves (Expediente 2022063139).

A Comisión ditamina favorablemente por unanimidade a aprobación da proposta de cambio de titularidade e posterior entrega ao concello de dous treitos da estrada provincial E.P. 4006 Pontearreas – As Neves.

5.- Rogos e preguntas.

Non se formulan.

E non habendo máis asuntos que tratar a presidenta levanta a sesión sendo as doce horas e vinte e dous minutos do que eu, secretario, dou fe.

Documento datado e asinado dixitalmente.

